



AS PERSOAS PRIMEIRO
CONTRA A POBREZA E
POLA INCLUSIÓN SOCIAL

COMPROMISOS

COORDINACIÓN

CAUSAS

DIÁLOGO CIVIL

#PobrezaGalicia

O QUE DEBES SABER SOBRE A POBREZA...



Ficha Formación Voluntariado

• Que diferenza hai entre “pobreza” e “exclusión social”?

A **pobreza** refírese á **falla de recursos económicos** para acceder a bens e servizos básicos. A pobreza en países desenvolvidos considérase de maneira relativa, é dicir, unha persoa é pobre se dispón duns recursos económicos inferiores á media da cidadanía dese país.

Exclusión social fai referencia a un proceso máis complexo que consiste na **perda de integración ou de participación dunha persoa nunha sociedade**. Pode incluír a falta de ingresos (perda de traballo, imposibilidade para realizalo e para acceder a unha prestación...), a ausencia de redes familiares e sociais, discapacidade, carencia de vivenda ou distintas combinacións destes e doutros factores.

Unha persoa en situación de pobreza por desemprego por exemplo, non ten porqué ser unha persoa excluída. Mais se esta persoa, co tempo, pasa a ser parada de longa duración, cunha perda de vivenda, ou do permiso de residencia/traballo e, por conseguinte, o dereito a tarxeta sanitaria, podería derivar na imposibilidade de exercer os seus dereitos como cidadán e, polo tanto, nunha situación de exclusión social.

Tampouco unha persoa en situación de exclusión social ten que ser pobre: unha persoa cunha discapacidade e cuns ingresos que lle permite vivir dignamente, pode atoparse nunha situación de exclusión social ó non poder participar socialmente do mesmo xeito que o resto da sociedade, xa sexa por barreiras físicas, dificultades no acceso á educación ou ó traballo, etcétera.

• Como se mide a pobreza e a exclusión social?

A Unión Europea, no marco da Estratexia Europa 2020, desenvolveu o indicador **AROPE** (At Risk Of Poverty and/or Exclusion). Este indicador é o máis axeitado para medir o risco de pobreza e/ou exclusión social xa que o factor económico se complementa con outros como a privación material severa ou a baixa intensidade de emprego.

O Índice AROPE emprega tres subíndices para valorar a situación das persoas. Se unha persoa/fogar cumpre un ou varios, atoparíase nunha situación de risco de pobreza e/ou exclusión social.

1. Renda (Taxa pobreza): Porcentaxe de persoas que viven en fogares cunha renda inferior ao 60% da renda mediana¹ dos ingresos anuais por unidade de consumo (é dicir, por fogar). En España no 2015, este limiar da pobreza estaba en 668 €/mes para un fogar dunha persoa, ou en 1402 €/mes para os de dous adultos e dous menores.

2. Privación material severa (PMS): As persoas que viven en fogares que non poden permitirse **catro dos nove ítems de posibilidades de consumo** seleccionados a nivel europeo:

1. Pagar o alugueiro ou unha letra.
2. Manter a casa a unha temperatura axeitada durante os meses fríos.
3. Pagar unhas vacacións unha semana ao ano.
4. Unha comida de carne, polo ou peixe (ou equivalentes vexetarianos) polo menos tres veces á semana.
5. Afrontar gastos imprevistos.
6. Un teléfono (fixo ou móbil).

7. Un televisor.

8. Unha lavadora.

9. Un coche.

3-. Baixa Intensidade de traballo por Fogar (BITH): Relación entre o número de persoas do fogar que traballan e o das que están en idade de traballar: Nun fogar con dous adultos no que só traballa un a xornada completa, a intensidade de traballo é de 0,5, mentres que se traballan os dous, sería de 1. Se un dos adultos traballase a media xornada e outro a xornada completa, a intensidade de traballo deste fogar sería de 0,75.

O indicador AROPE considera fogares con baixa intensidade de traballo aqueles nos que esta é inferior 0,2.

• Que é a pobreza severa?


A versión máis grave da pobreza nun país desenvolvido. Aquelas persoas que viven en fogares cuxa renda é inferior ao 30% da mediana dos ingresos da poboación. En España no 2015, este limiar estaba en 334 €/mes para un fogar dunha persoa, ou en 701 €/mes para os de dous adultos e dous menores. 3,2 millóns de persoas (o 6,9% da poboación) no 2014, 400.000 persoas máis que no 2013.

• Que é desigualdade e como se mide?

A desigualdade está conectada coa pobreza aínda que é un fenómeno diferente. O nivel de desigualdade nunha sociedade refírese a franxa que existe entre as persoas máis ricas e as máis pobres.

Un dos indicadores para medir a desigualdade é o **“Índice de Gini”**. Varía entre cero e cen, e aumenta coa desigualdade. Un valor 0 significa que todas as persoas teñen os mesmos ingresos (igualdade perfecta) e un valor 100 que unha sola persoa se leva a totalidade de ingresos da poboación (desigualdade perfecta).

Neste índice móstrase a evolución da desigualdade en España nos últimos anos:




O índice de Gini está algo máis de tres puntos por enriba da media europea, [31 para a Zona Euro no 2014], só superado por Serbia, Macedonia, Bulgaria, Letonia, Lituania, Grecia, Portugal e Rumanía. Ademais, a renda conxunta do 10% da poboación con maiores ingresos é case 13,5 veces superior a renda conxunta do 10% máis pobre.

¹ Mediana: valor que ocupa o lugar central dunha serie de datos cando estes están ordeados de menor a maior.

COMO É A SITUACIÓN EN GALICIA?...

% Personas en pobreza y exclusión social (AROPE)
España y Galicia. 2005 a 2015



O 25,7% da poboación de Galicia estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social (AROPE) no ano 2015¹. En termos absolutos, había unhas **700.000 persoas en risco de pobreza e/ou exclusión** (13,3 millóns no conxunto do estado).

A continuación concretamos os compoñentes do AROPE cos datos do 2015:


RISCO DE POBREZA

No 2014, o 19,4% da poboación galega estaba en risco de pobreza, 4 puntos máis que o ano anterior, 2,7 puntos porcentuais menos que o conxunto nacional e por riba de Navarra, País Vasco, Cataluña, Aragón, Cantabria, Madrid, Asturias, La Rioja e Castilla y León. 528.000 galegas e galegos están en risco de pobreza.

No que se refire a quen leva a peor parte de todo isto, é dicir, as persoas que viven en pobreza severa, Galicia tiña no 2014 ao **3,5% da súa poboación en situación de pobreza severa. 96.000 persoas** están obrigadas a sobrevivir con ingresos inferiores a 334 € mensuais por fogar (unha persoa).

PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA


No 2015, **114.00 persoas, o 4,2% da poboación** de Galicia malvivía en situación de Privación material Severa.



Alguns dos ítems utilizados para calcular o indicador e os porcentaxes de persoas de cada un deles móstranse na táboa seguinte:

Retrasos no pago da hipoteca ou aluguer da vivenda principal ou das facturas de electricidade, auga, gas, comunidade etc. nos últimos 12 meses	7,4%	6,7%
Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada	14,1%	13,7%
Non pode irse de vacacións cando menos unha semana ao ano	55,3%	48,3%
Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días cando menos	1,8%	1,2%
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	36,5%	27,4%
Non pode permitirse ter coche	2,5%	2,3%
Non pode permitirse ter un ordenador	8%	6,7%

BAIXA INTENSIDADE DE EMPREGO POR FOGAR



No 2015, o 13,8% da poboación menor de 60 anos residente en Galicia vivía en fogares con baixa intensidade de emprego. Aínda que case dous puntos por debaixo da taxa nacional, entre 2009 e 2015 este indicador practicamente dúplícase.

¹Fuente: INE: Riesgo pobreza o exclusión social y sus componentes por comunidades autónomas 2015

Organiza



Subvenciona



Colabora

